

RESOLUCIÓN REITORAL DO 15 DE MARZO DE 2020 DE ADAPTACIÓN E ESCLARECEMENTO DO PECHE DE EDIFICIOS E CENTROS DA UDC ÁS NOVAS MEDIDAS ADOPTADAS POLOS GOBERNOS ESPAÑOL E GALEGO

Diante das medidas adoptadas polos gobernos español e galego, faise preciso adaptar ás novas circunstancias a resolución de peche das instalacións da UDC adoptada o pasado 14 de marzo, a fin de protexer a saúde do persoal da UDC e de asegurar que o alumnado non perda o curso 2019-2020.

A este fin, adóptanse as seguintes medidas:

1. Todo o persoal da UDC deberá permanecer nos seus domicilios en réxime de traballo non presencial ou, en todo caso, localizable.
2. Con carácter excepcional, o persoal deberá acudir presencialmente ao seu posto de traballo cando fose requerido polas persoas responsables do seu servizo ou unidade para atender necesidades inaprazables.
3. Deberá garantirse a prestación das seguintes funcións esenciais:
 - Docencia non presencial
 - Seguranza e limpeza de edificios e instalacións
 - Residencias
 - Goberno da universidade e dirección de centros
 - Prevención de Riscos
 - Tecnoloxías da Información e de Comunicación
 - Pagamento a Provedores
 - Retribucións e cotizacións sociais
 - Atención Telefónica

As persoas responsables de cada unha destas funcións determinarán a forma en que se deba garantir a súa prestación.

Julio Abalde Alonso

Reitor

Código Seguro De Verificación	5KG7fQh75Q67EQ70X5H/Ww==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	15/03/2020 20:08:08
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/5KG7fQh75Q67EQ70X5H/Ww==		

